

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE AGOSTO

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00038102Z.

Aprobación de actas de sesión anteriores.

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria do 12 de agosto e extraordinaria e urxente do 14 de agosto.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00025676N.

Licenza obra maior para a execución dunha vivenda unifamiliar en Bar de Arriba.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 26/06/2024, outorgada ante o notario dona Inmaculada Soto Espiñeira, co número de protocolo 1479.

Segundo.- Conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría de data de visado do 19/05/2023 e Anexo visado o 30/08/2023 e documentación presentada o 27/06/2024 cun orzamento de execución material de 154.275,00 €, a execución de vivenda unifamiliar en Bar de Arriba Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00028055E.

Licenza de obra maior para construción dunha vivenda unifamiliar e piscina situada na rúa Ponte da Rocha, 5.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 22 de maio de 2024, outorgada ante o Notario don Héctor Ramiro Pardo García, co número de protocolo 366.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico redactado polos arquitectos José Vicente Rodríguez Pagán e Daniel Gómez Ayuso presentado o 20/06/2023, o 17/08/2023 e o 29/05/2024 cun orzamento de execución material de 156.000,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar e piscina na rúa Ponte da Rocha, 5 parroquia de Conxo Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00049538T.

Licenza de obra maior para o reforzo estrutural do forxado do teito da planta primeira do edificio sito na rúa do Vilar, 74.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, presentado o 17/11/2023, cun orzamento de execución material de 6.975,80 €, obras de reforzo estrutural de forxado de teito de planta primeira do edificio sito na rúa do Vilar, 74 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00016586F.

Licenza para a reconstrución alpendre en Lamas de Abade 66B.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto

Antonio Sabucedo Costa de data de visado do 17/03/2023, cun orzamento de execución material de 22.800,00€, a reconstrucción dun alpendre en Lamas de Abade 66B Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00031565D.

Licenza para realizar obras de eficiencia enerxética no edificio sito na rúa San Pedro de Mezonzo, 3.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios San Pedro de Mezonzo 3 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Silja Molist López e Santiago Domínguez Fernández de data de visado do 04/07/2023 e cun orzamento de execución material 547.163,91 €, obras de eficiencia enerxética no edificio sito na rúa San Pedro de Mezonzo 3 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. PATRIMONIO. Referencia: 2022/00023347X.

Concesión demanial sobre a parcela DM-2 do SUNP-14 para a construción dun edificio destinado a centro de día e ocupacional para enfermos de dano cerebral adquirido.

Acórdase outorgar á asociación de dano cerebral Sarela (ADS) por un prazo de 30 anos unha concesión demanial sobre a parcela DM-2 do SUNP-14 para a construción dun edificio destinado a centro de día e ocupacional para enfermos de dano cerebral adquirido

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017647Y.

Adxudicación do contrato de Obras de renovación da infraestrutura de iluminación e do peche perimetral suroeste do campo de fútbol de As Cancelas.

Acórdase:

Primeiro: excluír as empresas FERROVIAL CONSTRUCCION SA, FASE SERVICE PARTNER SL e INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL. por considerar que as súas ofertas están en baixa desproporcionada.

Segundo: adxudicar o contrato que ten por obxecto as obras de renovación da infraestrutura de iluminación e do peche perimetral suroeste do campo de fútbol das Cancelas á empresa SIELVIGO, SL, por un importe total de 166.443,17 euros (Base imponible: 137.556,34 euros, IVE do 21%: 28.886,83 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo compromete como mellora 5 anos a maiores de ampliación do prazo de garantía por riba do mínimo.

Terceiro: comprometer o gasto por importe de 166.443,17 € que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 070 34200 6320000 (Código proxecto: 2022 2 INDEP 36 1 MELLORAS EN INSTALACIONES DEPORTIVAS) conforme a seguinte anualidade e importe. Anualidade 2024: 166.443,17 €.

9. ÁREA 0. COORDINACIÓN XERAL DAS ÁREAS MUNICIPAIS. Referencia: 2024/00033008A.

Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC para a realización de prácticas do alumnado.

Acórdase aprobar o texto do “Convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado dos centros da USC” que consta neste expediente.

10. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2024/00034911C.

Aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 de Axudas Destinadas a apoiar ás empresas de Economía Social de Santiago de Compostela 2024.

Acórdase:

Primeiro: aprobar a “convocatoria de axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de Santiago de Compostela 2024”.

Segundo: aprobar o gasto relativo a “convocatoria de axudas destinadas a apoiar ás empresas de economía social de santiago de compostela 2024”, por importe total de 120.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43300 4790002 desenvolvemento empresarial transferencias correntes a empresas privadas.

Terceiro: publicar as bases da convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.(BDNS).

11. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2024/00034922P.

Aprobación das bases reguladoras e convocatoria para o ano 2024 da III Edición de Premios a excelencia empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar a “Convocatoria para o ano 2024 da III EDICIÓN DE PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 no Concello de Santiago de Compostela”.

SEGUNDO: aprobar o gasto relativo á “Convocatoria para o ano 2024 da III EDICIÓN DE PREMIOS Á EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 Concello de Santiago de Compostela”, por importe total de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43300 4790100 dos orzamentos municipais para o ano 2024 do Concello de Santiago de Compostela.

TERCEIRO: Publicar as bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.(BDNS).

12. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00038068A.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Servizo de limpeza en novas instalacións "anexos" Monte dos Postes/Roxos correspondente ao período mes de marzo de 2024

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de mil cincocentos corenta e oito euros con setenta e oito céntimos (1.548,78 euros), en concepto de “servizo de limpeza en novas instalacións "anexos" Monte dos Postes/Roxos correspondente ao período mes de marzo de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

13. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00038064E.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela”, correspondente ao mes de marzo de 2024. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de oitenta e seis mil con dezasete euros e doce céntimos (86.017,12 euros), en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de marzo do 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

14. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00038069G.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Servizo de limpeza en novas instalacións "anexos" Monte dos Postes/Roxos correspondente ao período mes de abril de 2024. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de mil cincocentos corenta e oito euros con setenta e oito céntimos (1.548,78 euros), en concepto de “servizo de limpeza en novas instalacións "anexos" Monte dos Postes/Roxos correspondente ao período mes de abril de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

15. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00038070M.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela”, correspondente ao mes

de abril de 2024. |

Acórdase: |

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de oitenta e seis mil con dezasete euros e doce céntimos (86.017,12 euros), en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de abril do 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

16. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00038042T.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda de catro facturas emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela e das novas instalacións “anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do 2024. Relación contable S/2024/33. |

Acórdase: |

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de cento setenta e cinco mil cento trinta e un euros con oitenta céntimos (175.131.80 euros), en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela e das novas instalacións “anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

17. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00038137A.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación S/2024/113 composta por dúas (2) facturas emitidas pola entidade mercantil ESCUELA DE TIEMPO LIBRE DON BOSCO (G15229057) en concepto de “Servizo para a execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer María Miramontes”, correspondente ao período comprendido de abril e maio do 2024. |

Acórdase: |

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe total de vinte dous mil con seis euros e noventa e seis céntimos (22.006.96€), en concepto de “Servizo para a execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer María Miramontes” correspondente aos meses de abril e maio de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo. |

18. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00017537B.

Toma de coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento do “Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero”.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela de data 09/08/2024 para o financiamento do “*Actividades dirixidas á formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade de xénero*” pola contía de CATORCE MIL EUROS (14.000,00 €).

19. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2024/00023747B.

Toma de coñecemento da formalización dun convenio de colaboración coa asociación Médicos del Mundo. Ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre a asociación Médicos del Mundo e o Concello de Santiago, para o ano 2024, por importe de dez mil euros -10.000 euros.

20. COMERCIO. Referencia: 2024/00026945N.

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2024.

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2024, cunha achega de **35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890001**. Segundo: Comprometer o gasto, por importe de **35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890001**.

21. COMERCIO. Referencia: 2024/00026948S.

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2024.

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2024, cunha achega de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890003.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890003.

22. COMERCIO. Referencia: 2024/00026947Z.

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial para levar a cabo un programa de

reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2024.

Acórdase:

Primeiro: tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial, para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2024, cunha achega de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890005.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890005.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00001075V.

Toma de razón da FIRMEZA da Sentenza recaída no recurso AP 7101/2023 TSXG |
Sentenza nº 429/2023

AP 7101/2023 TSX, PO 025/2023 PSS 001 CA2

Obxecto: suspensión da orde de paralización da instalación de rede de cable no ámbito do PE-1 e retirada do instalado

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da firmeza.
2. Dar traslado da mesma ao Servizo de Licenzas e Disciplina urbanística para a súa execución.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00037499V.

Toma de coñecemento da Sentenza recaída no PO 305/2022 CA1 en materia de responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía: 7.980,57€ |

Sentenza nº 173/2024

PA 305/2022 CA1

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía: 8.145,76 euros.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo Secretaría para a súa execución.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00038454K.

Toma de coñecemento da Sentenza recaída no PO 311/2021 CA2 sobre concesión de autorización para ocupación de espazo libre privado con terrazas no local situado en Rúa Tras do Pilar nº 9 (Café Bar Babylon) |

Sentenza nº 165/2024

PO 311/2021 CA2

Obxecto: concesión de autorización para ocupación de espazo libre privado con terrazas no local situado en Rúa Tras do Pilar nº 9 (Café Bar Babylon).

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de licenzas e disciplina urbanística para o seu coñecemento.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00003317M.

Toma de razón da Sentenza recaída no PO 240/2023 CA2 por unha sanción por exceso de velocidade e retirada de puntos.

Sentenza nº 161/2024

PO 240/2023 CA2

Obxecto: sanción por exceso de velocidade e retirada de puntos. A execución da retirada corresponde á Xefatura Provincial de Tráfico, razón pola que tamén é demandada.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para a súa execución

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00045714V.

Tomar coñecemento da Sentenza recaída no PA 420/2023 CA2 sobre providencia de prema por falta de pago de sancións de tráfico.

Sentenza nº 195/2024

PA 420/2023 CA2

Obxecto: providencia de prema por falta de pago de sancións de tráfico.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico e á Sección de Recadación para a súa Execución.

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00038102Z.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 9 e o 22 de agosto de 2024.